

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023-2024



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR

1. OBXECTIVOS

Como desenvolvemento do **Proxecto Lector do Centro**, o **C.P.I. Armando Cotarelo Valledor** de **Boimorto**, elaborou un **Plan Anual de Lecturas** no que se plasman todas as actuacións que os distintos niveis educativos: **Educación Infantil**, **Educación Primaria** e **Educación Secundaria Obrigatoria** pretenden realizar de xeito coordinado, ao longo do curso. Os obxectivos que se perseguen son os seguintes:

- Fomentar o hábito lector.
- Dinamizar actividades relacionadas coa lectura e sistematizalas.
- Incorporar a lectura de distintos tipos de textos e formatos (revistas, contos, folletos...).
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Ler con fluidez e de forma comprensiva.
- Ler por pracer.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados usando as normas básicas de ortografía.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.

- Desenvolver proxectos documentais nos que terán que consultar diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, internet...), seleccionar a información e construír autonomamente o coñecemento.
- Promover a lectura de obras de teatro e poesía.
- Implicar ao alumnado en actividades tales como a dramatización e a recitación de poemas.
- Fomentar a implicación das familias e da contorna nas diferentes actividades de dinamización da lectura que se están levando a cabo no centro.
- Mitigar as desigualdades sociais.
- Trazar pontes de unión entre a escola e as familias arredor da lectura.
- Fornecer á comunidade educativa de recursos desde a biblioteca escolar.
- Participar e/ou promover proxectos interdisciplinares.
- Estimular a lectura e a escritura no noso alumnado.
- Promover a educación en valores.

2. ESPAZOS, TEMPOS PARA A LECTURA E RECURSOS HUMANOS E ECONÓMICOS

Todos os **espazos** do noso centro están habilitados para realizar calquera das actividades de fomento de lectura promovidas no centro: a biblioteca, as aulas, os corredores principais... son espazos susceptibles de ser utilizados en calquera das nosas actividades: lectura individual e colectiva, exposicións, murais e outros eventos organizados pola biblioteca. Para a difusión do plan anual utilizamos todos os medios ao noso alcance: internet, carteis e taboleiros informativos nas aulas.

Os **tempos** previstos para a lectura son, ademais do recreo no que a biblioteca está aberta aos estudantes, os previstos para a lectura individual ou colectiva no tempo da HORA DE LER, ou as horas que os distintos departamentos didácticos dedican a dita actividade como despois detallamos nos itinerarios lectores.

En canto aos **recursos humanos**, contamos cun equipo de traballo e dinamización da biblioteca formado por 3 profesoras de diversas materias que se ocupan fundamentalmente da difusión e fomento de actividades organizadas pola biblioteca. Ademais, traballamos directamente co Departamento de Orientación e co EDLG. De todos os xeitos, aínda que non sempre é doado, esperamos ter colaboracións puntuais para desenvolver o noso proxecto e o plan anual con maior efectividade.

Os **recursos económicos** dependen do orzamento anual do centro e da contribución do Plambe.

3. PAPEL DA BIBLIOTECA NO CENTRO

a. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A biblioteca do noso centro permanecerá aberta durante o recreo e mantendo as horas lectivas que sexan posibles, sempre tendo en conta que as profesoras que forman parte do equipo de dinamización fan horas extras fóra do seu horario coa idea de axilizar a catalogación ou calquera traballo de organización que se necesite.

A coordinadora da biblioteca terá un mínimo de 5 horas de garda e unha hora de reunión. O equipo directivo comprométese todos os anos en facer coincidir unha hora para que todos os membros do equipo de biblioteca poida estar presente. Seguiremos criterios estandarizados no ámbito bibliotecario (CDU: simplificación para a zona de Narrativa, Poesía e Teatro) utilizando o programa “Meiga” para xestionar os fondos e préstamos da nosa biblioteca escolar.

b. DINAMIZACIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

O equipo de traballo da biblioteca deberá elaborar un programa de ACTIVIDADES CO PROPÓSITO DE DINAMIZAR E PROMOCIONAR OS RECURSOS DA BIBLIOTECA, dito programa deberá ser realista e estar enmarcado dentro das nosas posibilidades funcionais dada a nosa precariedade actual pero basicamente debería constar de:

- Convocatoria de concursos literarios.
- Actividades encamiñadas a promover a creatividade do alumnado.

- Campañas para os períodos de vacacións.
- Creación ou ampliación de bibliotecas de aula, só en Ed. Infantil e Primaria.
- Exposicións de recursos para as distintas conmemoracións (Día da non violencia, Día da Paz, Día da muller, Día do libro, Letras Galegas, etc.)
- Exposicións de novidades.
- Ampliación , visibilización e promoción dos fondos da biblioteca entre os membros da comunidade educativa.
- Seguir empregando as RRSS como canle de difusión ás familias.
- Implicar ás familias nas actividades da biblioteca.
- Uso das mochilas viaxeiras.

c. FORMACIÓN DE USUARIOS

Dentro das actividades que recolle o proxecto lector do centro está a formación de usuarios da biblioteca. Tal e como se fixo en cursos anteriores programáronse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo e elaboráronse guías de formación, presentacións dixitais e actividades para traballar co alumnado, sempre coa colaboración necesaria do profesorado e, preferentemente, a través do plan de acción tutorial.

4. FOMENTO DA LECTURA NAS DIFERENTES ETAPAS

INFANTIL E PRIMARIA

1. Actividades relacionadas coa biblioteca

INFANTIL, 1º e 2º de Educación Primaria		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un...	1 vez á semana	Fondos da biblioteca escolar
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha (portada, contraportada, solapas, índice...)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Buscar fondos, de forma guiada, que ofrezan información sobre un tema.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Presentar un libro na clase por parte do profesorado.	1 vez por trimestre	Fondos da biblioteca escolar.
Recomendar os libros que máis gustaron.	Ocasionalmente	Fondos da biblioteca escolar e outros.

Elaborar murais dirixidos sobre un conto.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
---	---------	--

3º e 4º de Educación Primaria

ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...	Inicio de curso	Fondos da biblioteca escolar
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha (portada, contraportada, solapas, índice...	Unha vez ao trimestre	Fondos da biblioteca escolar.
Buscar e colocar libros pola CDU, autor, título, materia...	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.
Buscar fondos que ofrezan información sobre un tema.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Presentar un libro na clase por parte do profesorado.	Trimestral	Fondos da biblioteca escolar.
Lectura silenciosa e individual de libros.	Unha vez á semana	Fondos da biblioteca escolar, doutras bibliotecas, materiais temáticos de exposicións ...

Recomendar os libros que máis gustaron.	Trimestral	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Elaborar murais.	Puntual	Fondos da biblioteca escolar e outros.
Buscar información en libros informativos (enciclopedias, dicionarios, monográficos...)	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar, outros, internet...

5º e 6º de Educación Primaria		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...	1 vez ao mes	Fondos da biblioteca escolar
Identificar as partes dun libro e analizar a información que aporta cada unha (portada, contraportada, solapas, índice...)	1 vez ao mes	Fondos da biblioteca escolar.
Buscar e colocar libros pola CDU, autor, título, materia...	1 vez ao mes	Fondos da biblioteca escolar.
Lectómetro: nun lugar da aula colocárase un marcador individual para cada alumno/a cun espazo para colorear cada libro que vaian	Sistemática	Fondos da biblioteca escolar.

lendo. Ao chegar ao máximo de libros recibirán un premio. De cada libro que lean deberán entregar a titora unha ficha cos datos do libro e as súas opinións sobre o mesmo.		
Lectura grupal do mesmo libro escollido polo alumnado de 5º e 6º para realizar posteriormente unha serie de actividades sobre o mesmo.	Segundo trimestre	O libro será comprado cos fondos da biblioteca.
Cestas de lectura: cada aula contará cunha cesta con diversidade de libros escollidos polo alumnado segundo as súas preferencias. Será de 15 libros que o alumnado poderá ler durante un trimestre. Para iso contaremos con 15 minutos diarios de lectura na aula, ou cando rematen algunha activiade poderán ler o libro escollido. Esta cesta intercambiarase entre 5º e 6º.	Trimestral	Fondos da biblioteca escolar e outros.

2. Dedicación á lectura na aula

Co alumnado de educación infantil se traballarán as seguintes actividades:

- Lectura de contos por parte da profesora.
- En pequenos grupos unha nena ou un neno le un conto a partir das imaxes e o resto da clase escoita.
- En gran grupo a mestra ou a alumna ou alumno responsable dese día len un conto.

- Lectura de contos que as nenas e os nenos traen das súas casas.
- Ler palabras significativas (o seu nome, o nome da mascota da clase, palabras que hai expostas na clase...) ou buscar determinadas letras nos carteis da aula.
- Uso das T.I.C.: Ver un conto no ordenador, na televisión...
- Rematar un conto lido pola mestra; lectura de contos adaptados á etapa.
- Actividades a partir dun conto lido: dramatización, debuxos, cantar una canción do conto, ordenar imaxes do mesmo...
- Participar nas actividades de fomento da lectura organizadas polo centro.
- Xogar con contos interactivos no ordenador
- Lectura de contos tradicionais
- En lingua estranxeira contos de Julia Donaldson: O Grufalo, A Filla do Grufalo, Como mola túa Vasoira! e O home de Pau.

Co alumnado de 1º e 2º de Primaria se traballarán as seguintes actividades:

- Lectura silenciosa durante 10 ou 15 minutos cada día ao empezar a xornada.
- Visita á biblioteca unha hora á semana para coller libros en préstamo ou mesmo ler nela.
- Despois de ler un conto, ás veces faise un debuxo e escriben unha oración alusiva ao conto e ao debuxo.
- Invención de contos e lectura en voz alta dos mesmos na biblioteca.

Co alumnado de 3º e 4º de Primaria se traballarán as seguintes actividades:

- Lectura diaria en clase, durante un tempo variable, en función da actividade a realizar. Facemos lecturas de textos variados, tanto en galego coma en castelán.
- As lecturas ás que me refiro no punto anterior faranse unhas de xeito individual e en silencio e outras en voz alta.

- Todos os nen@s terán no seu pupitre un libro que poden coller na biblioteca do centro, na de aula ou traer da casa e que irán lendo cando rematan as tarefas da sesión, mentras esperan polos compañeiros que aínda non remataron . Ao rematalo farán unha ficha onde recollerán a data de comenzo e remate da lectura, título, autor, editorial, breve resumo e opinión persoal.
- Todas as semanas adicamos 1 hora á lectura silenciosa dun libro(pode ser o mesmo do punto anterior ou outro calquera). A veces esta lectura facémola na aula e outras na biblioteca. Ao remátalo tamén farán unha ficha igual a do punto anterior.

Co alumnado de 5º e 6º de Primaria se traballarán as seguintes actividades:

- Biblioteca de aula: creación dun recuncho na aula que sexa atractivo. O alumnado no tempo libre poderá coller os libros deste rincón.
- Lectura grupal do mesmo libro escollido polo alumnado de 5º e 6º para realizar posteriormente unha serie de actividades sobre o mesmo.

5.- EDUCACIÓN SECUNDARIA

1. Fomento da lectura nos diversos departamentos didácticos.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Sendo unha das competencias básicas, a comunicación lingüística é un dos obxectivos ineludibles xunto co desenvolvemento lector na área de Educación Física; aínda que, fundamentalmente procedimental e actitudinal, tamén se incide na vertente conceptual do currículo.

Trimestralmente o alumnado de secundaria debe realizar un traballo, debe buscar e recopilar información mediante a lectura daqueles artigos relacionados con o traballo. Deben consultar co profesor todas as dúbidas que teñan e comprender perfectamente todos os termos e contidos.

Ao fin do segundo trimestre contestarán a una proba tipo test na que amosarán a comprensión de conceptos básicos sobre primeiros auxilios.

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Actividades realizadas con respecto ao fomento da comprensión lectora:

1º ESO

- Traballamos co manual e cada día varios alumnos/-as len parte do tema e comentamos entre todos.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.
- Trabállase coa lectura e comprensión de textos históricos.
- O alumnado traballa con material bibliográfico para elaborar traballos.

2º ESO

- Traballamos co manual e cada día varios alumnos/-as len parte do tema e comentamos entre todos.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.
- Trabállase coa lectura e comprensión de textos históricos.
- O alumnado traballa con material bibliográfico para elaborar traballos.
- Na primeira avaliación os alumnos entregan un traballo específico sobre a comprensión e comentario de dous textos históricos.

3º ESO

- Traballamos co manual e cada día varios alumnos/-as len parte do tema e comentamos entre todos.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.
- Trabállase coa lectura e comprensión de textos históricos.
- O alumnado traballa con material bibliográfico para elaborar traballos.

4º ESO

- Traballamos co manual e cada día varios alumnos/-as len parte do tema e comentamos entre todos.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.
- A lectura, comprensión e comentario de textos históricos é fundamental nesta materia e realízase practicamente a diario.
- O alumnado traballa con material bibliográfico para elaborar traballos.

CULTURA CLÁSICA

- Entrégase material ao alumnado que se explica e coméntase entre todos realizando preguntas de comprensión.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.

- Lectura, actividades de comprensión e comentario de mitos clásicos.
- O alumnado traballa con material bibliográfico para elaborar traballos en todas as unidades da materia.

ECONOMÍA

- Entrégase material ao alumnado que se explica e coméntase entre todos realizando preguntas de comprensión.
- Os alumnos/-as responden a preguntas de comprensión do tema.
- Lectura, actividades de comprensión e comentario de noticias de prensa e diversos documentos de contido económico relacionados coa materia.

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS DA NATUREZA

Actividades de fomento, perfeccionamento da escritura e comprensión lectora:

- Lectura de textos e interpretación dos mesmos.
- Busca e interpretación de información escrita (prensa, internet, enciclopedias...)
- Actividades dixitais, actividades do libro de texto e de reforzo, tamén problemas.
- Reelaboración de definicións.
- Subliñado de textos.
- Elaboración de esquemas.
- Utilización de dicionarios (dixitais e tradicionais).

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O Departamento ten en conta a importancia da lectura como medio para ampliar vocabulario, mellorar a comprensión e expresión en lingua inglesa e como fonte de información para acceder a novos coñecementos. Tamén a lectura como medio de entretemento ha ser un obxectivo a lograr durante o curso, de forma que as lecturas ás que accedan han de ser sempre dun nivel axeitado ás capacidades dos alumnos nos diferentes cursos .

O lugar onde os alumnos e alumnas poden acceder a todo o material necesario é a biblioteca e a aula de informática do centro.

Dende cursos anteriores véñense levando a cabo diversas actividades como son :

- Lecturas de textos para a busca de información específica.

- Consulta de páxinas web para a elaboración de traballos para a clase de inglés.
- Manexos de diversas obras de consulta (dicionarios , enciclopedias, atlas...para a resolución de dúbidas).
- proxección de películas ou vídeos educativos en versión orixinal mediante o canón ou DVD.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

As actividades que se estiveron levando a cabo foron as seguintes en todos os cursos:

- Lectura de enunciados en francés.
- Lectura de pequenos textos, diálogos, etc. que aparecen nos manuais de texto, revistas ou documentos online.
- Consignas da profesora.
- Redacción de pequenos textos (presentación, diálogos, cartas, etc.)
- Utilización de dicionario.
- En 4º ESO escolla dun libro de lectura de libre elección, e facer unha pequena ficha técnica da obra.

Para mellorar a comprensión e reflexión, inténtase motivar ao alumnado para que descubra por si mesmo regras sinxelas de gramática e se auto corrixa indicándolle onde está o erro.

VALORES ÉTICOS

Todos os textos entregados na aula foron adaptados ao nivel do alumnado. A lectura deses textos se fixeron sempre en grupo, explicando, cando foi necesario, o vocabulario difíciles.

Os textos foron collidos de diferentes páxinas web.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

En todos os cursos da ESO, o alumnado deberá ler obrigatoriamente, como mínimo, un libro de literatura galega ou da literatura universal por trimestre. A este respecto, o departamento resérvase a posibilidade de modificar a proposta de lecturas obrigatorias en función das necesidades de distribución de libros ou en base a criterios pedagóxicos.

Así mesmo, propónse unha listaxe de lecturas recomendadas de carácter voluntario. Con todo, esta listaxe de libros de lectura voluntaria non se presenta como exclusiva e, tras consulta e acordo co profesorado, calquera alumno ou alumna poderá elixir entre os títulos da biblioteca do centro un texto axeitado para este fin. Así mesmo, poderá escoller ese título entre as obras que teña na súa propia biblioteca ou as que consiga por outros medios.

Tamén se traballarán textos adaptados a cada nivel do homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Libros de lectura obrigatoria:

1º ESO	
1ª Avaliación	<i>Escarlatina, a cocifeira defunta</i> . Leticia Costas. Xerais.
2ª Avaliación	<i>Chamádeme Simbad</i> . Francisco Castro. Galaxia.
3ª Avaliación	<i>O misterio de Portomarín</i> . Antía Yáñez. Galaxia.

2º ESO	
1ª Avaliación	<i>A banda sen futuro</i> . Marilar Aleixandre. Xerais.
2ª Avaliación	<i>Mamá, quero ser Ziggy Stardust</i> . Iria Misa. Xerais.
3ª Avaliación	<i>Iridium</i> . Francisco Castro. Galaxia.

3º ESO	
1ª Avaliación	<i>O corazón de Xúpiter</i> . Leticia Costas. Xerais.
2ª Avaliación	<i>O que sei do silencio</i> . Andrea Maceiras. Xerais.
3ª Avaliación	<i>Noite de voraces sombras</i> . Agustín Fernández Paz. Xerais.

4º ESO	
1ª Avaliación	<i>Cousas</i> . A. Daniel Rodríguez Castelao. Galaxia.

2ª Avaliación	<i>Europa Express</i> . Andrea Maceiras. Xerais.
3ª Avaliación	<i>Aplicación instantánea</i> . Carlos Negro. Xerais.

As lecturas opcionais recomendadas para **1º de ESO** son as seguintes:

- *Esmeraldina, a pequena defunta*. Leticia Costas. Xerais.
- *Lúa do Senegal*. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- *Plan de rescate*. Antía Yáñez. Xerais.
- *Nunca mascotas*. Paula Carballeira. Galaxia.
- *O achado do castro*. Manuel Núñez Singala. Galaxia.

As lecturas opcionais recomendadas para **2º de ESO** son estas:

- *Cando petan na porta pola noite*. Xabier Docampo. Xerais.
- *O faro escuro*. María Sáñez. Galaxia.
- *Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta*. Leticia Costas. Xerais.
- *Rapazas*. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- *Memorias dun neno labrego*. Xosé Neira Vilas. Galaxia.
- *Makinaria*. Carlos Negro. Xerais.

As lecturas opcionais recomendadas para **3º de ESO** son estes títulos:

- *A neve interminable*. Agustín Fernández Paz. Xerais.
- *Unha estrela no vento*. Leticia Costas. Xerais.
- *Cartas de amor*. Fran Alonso. Xerais.
- *A sombra descalza*. An Alfaya. Xerais.
- *Penúltimas tendencias*. Carlos Negro. Xerais.

As lecturas opcionais recomendadas para **4º de ESO** son as obras:

- *Que me pare o corazón se te esquezo*. Andrea Maceiras. Xerais.
- *A lebre mecánica*. Leticia Costas. Xerais.
- *O mal querer*. Natalia Carou. Baía.
- *Os dous de sempre*. A. Daniel Rodríguez Castelao. Galaxia.
- *Longa noite de pedra*. Celso Emilio Ferreiro. Xerais.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Como norma xeral en toda a E.S.O. obrígase ao alumnado a ler os problemas varias veces, ata que se logra comprender o seu texto, tendo que cambiar ás veces algúns dos vocábulos por outros máis sinxelos para poder acadar tal obxectivo; antes de pasar á súa resolución.

Así mesmo, ao comezo dalgúns temas, lese a introdución coa finalidade de que o alumnado teña un primeiro achegamento á historia das matemáticas.

DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura áchase implicado de maneira activa na posta en práctica do Plan Lector do centro, e na dinamización da Biblioteca Suso de Marcos como foco de difusión cultural e literaria dentro do noso centro. Á parte do impulso lector que desde o currículo propio da área se realiza, o Departamento organiza e/ou colabora nun bo número de actividades dirixidas a lograr que a lectura sexa unha actividade habitual, enriquecedora e demandada no centro. Desde o Departamento se dá especial importancia ao fomento dos hábitos lectores para mellorar a competencia lingüística e comunicativa do alumnado. Como medidas didácticas que seguimos, presentamos as seguintes:

- Fomentar a lectura como unha actividade pracenteira a través de lecturas adecuadas e atractivas. Un recurso é a literatura xuvenil.
- Utilizar lecturas motivadoras para o comentario, construíndo o significado de forma compartida.
- Partir sempre do acceso directo aos textos e fragmentos da época.
- Interrelacionar recepción e creación fomentando a creatividade do alumnado dos seus propios textos.
- Facer lecturas de diferentes xéneros.
- Familiarizar ao alumno co circuíto social do fenómeno literario a través de feiras do libro, representacións teatrais, bibliotecas escolares ou da propia hora de ler.
- Facer uso efectivo da biblioteca, a través do préstamo, de visitas a ela..
- Utilizar como recursos complementarios outras manifestacións culturais como o cinema, o cómic, os foros da internet, a música, a pintura...

No noso plan de lecturas para o curso, especificado para cada un deles, hai lecturas obrigatorias e lecturas optativas cada trimestre. Contamos con obras da literatura

xuvenil, que resultan lecturas motivadoras ao concordar co mundo subxectivo do adolescente, pois abordan temas próximos e moitos posúen calidade literaria. Parece importante que en 4º da ESO o alumnado teña acceso á lectura dos tres xéneros literarios, e a obras da literatura clásica castelá. O profesorado fará lecturas en voz alta, con comentarios suxestivos. Dedicarase algunha clase á lectura individual ou colectiva e ao comentario conxunto se é posible na biblioteca. Animarase aos alumnos para que se intercambien os libros. Para avaliar as lecturas faremos probas de preguntas exclusivamente de comprensión e os libros voluntarios a través de fichas e/ou de pequenas entrevistas.

As lecturas a realizar durante este curso 2022/2023 na materia de Lingua Castelá serán as seguintes:

Libros de lectura obrigatoria:

1º ESO	
1ª Evaluación	Francesc Puigpelat, <i>El niño que chateó con Jack Sparrow</i> , ed. Algar JR Palacios, <i>La lección de August</i> , ed. Nube de tinta
2ª Evaluación	Gemma Pasqual i Escrivá, <i>Nadie es perfecto</i> , Loqueleo
3ª Evaluación	Luis Matilla, <i>Las piernas de Amaidú</i> , ed. Anaya Paco Romeu, <i>Astrolabio</i> , ed. Anaya

2º ESO	
1ª Evaluación	M. Menéndez Ponte, <i>Nunca seré tu héroe</i> , Ed. SM Susan Hinton, <i>Rebeldes</i> , Loqueleo
2ª Evaluación	C. Ruiz Zafón, <i>El príncipe de la niebla</i>
3ª Evaluación	E. Jardiel Poncela, <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i> , ed. Vicens Vives A. Christie, <i>La ratonera</i> , ed. Vicens vives

3º ESO	
1ª Evaluación	Enric Senabre, <i>El infinito en tus manos</i> , ed. Algar
2ª Evaluación	Eloy Moreno, <i>Invisible</i> , Nube de tinta
3ª Evaluación	<i>Lazarillo de Tormes</i> , ed Vicens Vives

4º ESO	
1ª Evaluación	Care Santos, <i>Mentira</i> , ed. Edebé
2ª Evaluación	Maite carranza, <i>Una bala para el recuerdo</i> , Loqueleo
3ª Evaluación	Federico García Lorca, <i>La casa de Bernarda Alba</i>

Libros de **lecturas voluntarias**:

Para 1º ESO

- Judith Kerr, *Cuando Hitler robó el conejo rosa*, ed. Loqueleo
- Gonzalo Moure, *Palabras de caramelo*, ed Anaya
- Jordi Sierra i Fabra, *Kafka y la muñeca viajera*, ed. Siruela
- Laura Gallego, *La hija de la noche*, Edebé
- Ana Alcolea, *El retrato de Carlota*, ed. Anaya
- W. Shakespeare, *Romeo y Julieta*, ed. Anaya

Para 2º ESO

- María Menéndez Ponte, *Héroe a mi pesar*, ed. SM
- María Menéndez Ponte, *Héroe en deportivas*, SM
- S. Hinton, *Rebeldes*, SM
- César Mallorquí, *Las lágrimas de Shiva*, Edebé
- César Mallorquí, *El círculo escarlata*, Edebé

Para 3º ESO

- David Lozano, *Desconocidos*, Edebé
- Gómez Cerdá, *El rostro de la sombra*, SM
- Gómez Cerdá, *Pasos de marioneta*, SM
- G. Lianas, *Callejón sin salida*, ed. Planeta
- Fernando de Rojas, *La Celestina*, ed. Vicens Vives (clásicos adaptados)

- Don Juan Manuel, *El conde Lucanor*, ed. Vicens Vives (clásicos adaptados)

Para 4º ESO

- Maite Carranza, *Palabras envenenadas*, Edebé
- Ana Alcolea, *La noche más oscura*, ed. Anaya
- Laila Ripoll, *Los niños perdidos*
- L. Tolstoi, *La muerte de Ivan Illich*
- F. Marías, *Cielo abajo*, ed. Anaya
- A. Casona, *La dama del alba*, ed. Cátedra

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

A metodoloxía empregada en cada unidade varía para traballar a competencia lingüística de diferentes formas:

- Elaboración dos seus apuntes a partires de información atopada na rede, seguindo as pautas indicadas pola profesora da materia.
- A profesora achega información en formato dixital e traballo da mesma en común para elaborar o tema.

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Nos cursos de 1º, 3º da E.S.O., onde se imparte a materia de Educación plástica e visual, a escritura e a comprensión lectora foméntanse coa lectura dos apuntes. Outra das actividades que se realizan para fomentar a capacidade de expresión consiste en que o alumnado teña que facer parte dos seus apuntes a partires da explicación da profesora.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

1º e 2º da E.S.O.

Busca de datos en enciclopedias e monografías da biblioteca do centro e na rede.

Lectura de relatos na clase, que teñan relación co programa da materia.

Identificación de sons con palabras.

Realizar visionados de ópera subtitulada: estudio do libreto e orixe literario do mesmo.

Descrición oral e escrita de sons.

3º e 4º da E.S.O. :

Realización de traballos escritos que requiren busca bibliográfica.

Lectura de textos relacionados coa programación da aula.

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

No departamento de Relixión adoitamos presentar aos alumnos, textos para que de forma amena e divertida, descubran o rico patrimonio relixioso, cultural e antropolóxico da área de relixión.

Para poder descubrir os elementos e conceptos xerais do tema que se trata poden utilizar sopas de letras, encrucillados, paredes, pirámides etc. e para coñecerlos e manexalos, poden utilizar mapas conceptuais, táboas, mensaxes escollidos, relacións etc.

A variedade de textos que se ofrecen para realizar este tipo de exercicios proveñen de textos bíblicos, revistas teolóxicas, libros de texto e abundantes artigos de distintos xornais.

Algunha das revistas empregadas son “Mundo Negro” e “Gesto” publicadas pola orde relixiosa denominada Convonianos.

No último trimestre fixemos fincapé nas películas “La misión” de Robert De Niro e Jeremy Irons, que ten como fondo o Tratado de Madrid entre España e Portugal, e na película “Ciudad de Dios” baseada nunha historia dunha favela en Río de Janeiro.

A lectura de tales textos e a visualización das películas fomenta o análise, a reflexión e o debate, tendo en conta a capacidade e o interés dos alumnos nas distintas etapas educativas.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

As lecturas non teñen unha periodicidade establecida xa que se fan cando os contidos traballados o requiren e/ou o fan posible. Sempre son obrigatorias e atópanse no libro de texto do alumno. Poden ser lecturas propostas no texto ao remate dunha unidade e relacionadas cos contidos da mesma, ou lectura de alguna parte dunha unidade para que procedan ao seu subliñado e resumo oral ou escrito, para comprobar a comprensión.

6. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A nosa intención é crear ferramentas de autoavaliación que permitan detectar as incidencias entre todos os axentes participantes neste proxecto (alumnado, profesorado e comunidade educativa).

Darémolles maior relevancia aos resultados na comprensión lectora e ao avance nas prácticas lectoras do alumnado.

Os instrumentos e métodos de avaliación empregados serán diversos, dende a simple observación ata o análise das metodoloxías empregadas na dinamización de actividades; pasando por cuestionarios relativos ao funcionamento da biblioteca, aumento do número de visitantes e de préstamos, recollida de suxestións, análise dos fondos documentais e reflexión sobre os mecanismos creados para o fomento da investigación e documentación.

Tentaremos coñecer a opinión de todos os axentes implicados no proxecto e valorar os resultados obtidos coa intención de ir mellorando pouco a pouco a práctica diaria.

A avaliación do proxecto será un referente ao que volver no deseño de actividades novas, xa que en función dos resultados obtidos, das suxestións e propostas recollidas, das valoracións e opinións planificaremos dun xeito ou outro actividades que motiven, enganchen e manteñan a atención do noso alumnado. Por iso consideramos de gran importancia crear os mecanismos necesarios para que as nenas e os nenos do noso centro participen na organización das actividades da biblioteca, propoñendo novas ideas e opinando e criticando construtivamente sobre o funcionamento da mesma.

Ao final de curso o conxunto de colaboradores reunírase para avaliar a incidencia da biblioteca como centro de recursos ao servizo da comunidade escolar, aplicando entre outros os seguintes indicadores:

Indicadores	Escala			
	4 moito	3 bastante	2 pouco	1 nada
O número de usuarios da biblioteca aumenta				
Respóndese á demanda dos usuarios coa adquisición dos materiais que precisan				

A selección de materiais ten en conta ao alumnado con NN.EE.				
Conseguíuse unha biblioteca con materiais informativos renovados				
Aumentouse o número de préstamos				
Atendeuse as necesidades dos diferentes Departamentos				
Adiantouse no proceso de xestión e catalogación de fondos				
As actividades organizadas pola biblioteca tiveron acollida entre o alumnado				
O profesorado implicouse no desenvolvemento desas actividades				
Cumriuse o horario previsto para cada trimestre para Hora de Ler				
O profesorado tivo en conta a Biblioteca como centro de recursos e información				
Deseñáronse actividades para as familias				
A biblioteca conta con material específico para as familias				

	As actividades da Biblioteca teñen visibilidade				
	Mantense actualizado o blog da Biblioteca				
	Mantense actualizado as RRSS da Biblioteca				
	Realizáronse actividades de formación de usuarios				
	O alumnado manéxase na localización de materiais				
	Cúmprense unhas normas básicas de respecto cara os materiais, o espazo físico e aos demais usuarios.				

7. MODO DE DIFUSIÓN

As actividades que se van realizar na biblioteca son anunciadas periodicamente en distintos espazos do centro: taboleiros, atrás, paneis de exposición, nas redes sociais...

Contamos tamén cun blog da biblioteca na seguinte dirección: <http://aventurasnabiblio.blogspot.com> ao que tamén se pode acceder a través da páxina web do centro. Ademais de varias redes sociais como Instagram, Facebook e Tiktok.

Pretende ser un lugar de encontro e de exposición das actividades que motiven a ler. Queremos que sexa un espazo activo, no que a comunidade educativa participe engadindo os seus comentarios ou anotacións.

8. IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS E DO ENTORNO

Os obxectivos a acadar no proxecto lector do centro en torno a este punto son:

- Invitar ás familias a participar en contacontos ou dramatizacións nas aulas de infantil e primeiro ciclo de primaria.

- Promover a participación das familias nas exposicións temáticas, ben suxerindo temas, aportando fondos, deseñando materiais...
- Fomentar a achega de comentarios no blog. Seguiremos insistindo xa que as familias non fan comentarios no blog e en Ed. Infantil e Primaria co Edmondo.
- Puntualmente elaborar cartas dirixidas ás familias, esencialmente de Ed. Infantil e Primaria sobre aspectos a ter en conta no desenvolvemento do hábito lector: reflexións en torno á comprensión lectora, técnicas de lectura rápida, recomendacións de lectura...
- Uso das mochilas viaxeiras para que as familias compartan os diferentes recursos incluídos nelas.

Como todos os anos, traballaremos para adecuar as peticións dos diversos departamentos didácticos aos fondos da nosa biblioteca, para que poidan desenvolver coa meirande efectividade os seus plans individuais de fomento da lectura. **Neste curso tamén se mercarán lecturas propostas polo alumnado.**

Equipo de biblioteca